

ANUNCIO POLO QUE SE FIXA A DATA LÍMITE PARA SOLICITAR OS CAMBIOS DE TITULARIDADE DOS PREDIOS DE SUBSTITUCIÓN NA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE MERCURÍN-LESTA II (ORDES- A CORUÑA)

O 16.05.2024 a directora xeral de Desenvolvemento Rural ditou resolución, segundo o previsto no artigo 41.3 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial de Galicia (modificado pola Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas) na que se acorda establecer como **data límite** para solicitar os **cambios de titularidade dos predios de substitución, o 31.05.2024** (inclusive).

Para isto poderán presentar ante o Servizo de Infraestruturas Agrarias da Coruña:

1. Solicitud de cambio de titularidade.
2. Escritura pública da transmisión da titularidade e liquidación do imposto correspondente.

Nota: So se tramitarán as transmisións da propiedade dos predios de substitución íntegros .

Indícase que, en todo caso, a persoa adquirente quedará subrogada na posición da anterior persoa titular, coas limitacións, deberes e obrigas que resulten do proceso

A Coruña, na data da sinatura dixital

A xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Coruña
M^a Belén Mosquera Val

